

O consello de guerra contra José Ángel Valente

Claudio RODRÍGUEZ FER
Universidade de Santiago de Compostela
Campus de Lugo

En 1971, José Ángel Valente publica, na colección *Inventarios Provisionales*, editada en Las Palmas de Gran Canaria da man de Eugenio Padorno, Juan Jesús de Armas Marcelo e Manuel Hernández Suárez, o libro de relatos *Número trece*. O volume contiña cinco contos magníficos: “Rapsodia vigesimosegunda”, “Abraham Abulafia ante Portam Latinam”, “El Vampiro”, “La mujer y el Dios” e “El uniforme del General”. Este último estaba inspirado nun suceso acaecido durante a guerra civil na localidade almeriense de Fiñana, concretamente na propiedade do Xeneral Saliquet, asunto que lle fora relatado a Valente a primeira vez que visitou Almería, por certo moito antes de decidir instalarse alí.

A interesante xestación do conto foinos relatada en Almería polo propio Valente en palabras que se publican agora por primeira vez:

A orixe debeuse a que, a primeira vez que viñen a Almería, estiven invitado na casa dun amigo que era de aquí. Entón coñecín unha serie de xente, evidentemente nese momento era a época franquista e eu establecín contacto con xente do Partido Comunista, e un destes militantes contoume unha historia que tiña pasado en Fiñana, que era o feudo do xeneral Saliquet, porque a muller do xeneral Saliquet era de Fiñana. O que pasou foi que Fiñana, como moitas partes do Levante, do Mediterráneo español deica Barcelona durante a guerra civil, estaba rexida por unha comuna libertaria, da que formaban parte tamén os comunistas, pero que era máis ben de tinte anarquista. Todas esas comunas compartiron a típica organización anarquista, que foi moi importante en toda a zona mediterránea española e funcionaba moi ben. Este militante comunista contoume que na comuna que rexía Fiñana, como en todas estas comunas, facían traballar á xente de dereitas, traballar para a comuna, para o traballo colectivo. Non había represión ningunha, simplemente facían traballar. Neste mesmo sentido, lembrome que cando estaba en Asturias, unhas señoras, entre elas a nai dun amigo meu, dicíame: “Vostede non se pode imaxinar cómo nos trataron os roxos”. “Non sei, señora, non mo podo imaxinar”. “Pois, fíxese vostede, a min me facían lavar os pratos”. Eu tíñame que conter para non dicirlle, pois que ben feito estaba, se non lle facían máis que iso. O que facían era facer traballar aos ricos, e máis nada, non había ningunha represión. O que pasa é que en Fiñana eles ocuparon para a comuna, como era un servizo colectivo, a casa mellor do pobo, que era a casa da

muller do xeneral Saliquet. Ocuparon a casa, traballaban alí, facían nela as reunións, e un día subiron á parte alta da casa e encontraron un uniforme, que era o uniforme do General Saliquet. Entón fixeron unha parodia, porque pensaban que xa non volvería haber xenerais, porque os xenerais estaban feitos de palla... o que conto eu no conto. Fixeron unha parodia do xeneral e do uniforme, desfilaron co uniforme, o mestre vestiuse de xeneral, pero claro, como había quintacolumnistas, que era o típico desa situación na guerra civil, todos os que participaron nesa parodia quedaron rexistrados e logo foron acusados; así que cando entraron os franquistas os prenderon e os fusilaron. Nesta comuna estaba un primo da persoa que me contaba isto e parece que non era un home político nin nada, senón que era un home do pobo que laboraba na comuna porque era un traballo colectivo. Era simplemente un campesiño e non sabía por qué o mataban, así que choraba. Entón, claro, aquilo quedoume na memoria. Non pensei nunca en escribir nada, pero un día que estaba en Xenebra, de repente saíume unha vindicación deste home que choraba. Pero fixen unha especie de conto onde non choraba, senón que cando lle dan a posibilidade de escribir para despedirse da muller ou dos fillos, como se fai cos que van morrer, pinta na parede o uniforme do xeneral e mexa encima.

Mais, ao moi pouco tempo de editarse *Número trece*, o conto en cuestión foi denunciado na Capitanía General de Canarias “por el presunto delito de OFENSA A CLASE DETERMINADA DEL EJÉRCITO”. Case inmediatamente, xa en xuño de 1971, *Número trece* é retirado da circulación por orde xudicial e os seus editores e autor requeridos ante a autoridade. Aquí comezan as numerosas xestións para deter o inminente proceso. Armas e Padorno -o terceiro editor desmarcárase politicamente do asunto- teñen que declarar ante o xuíz militar e buscan razóns para o seu descargo. O autor, entón xa residente en Xenebra como funcionario da Organización das Nacións Unidas, é alertado polos seus editores canarios e trata de evitar o que a todos se lles vén enriba.

Simultaneamente, Valente require a asesoría do avogado Gregorio Peces-Barba para que se ocupe do caso. Así, en carta datada en Xenebra o 12 de xuño de 1971, explícalle:

A mi entender, lo mejor sería que fuese posible detener las cosas o darles la solución más razonable que quepa. Creo, sin embargo, que un endurecimiento de este asunto no iba a resultar muy honroso para los defensores del siniestro uniforme.

Pouco despois, o 17 do mesmo mes, o escritor farase cargo expreso das súas responsabilidades na edición do texto en carta dirixida ao Delegado Provincial Accidental de Información y Turismo en Las Palmas, á sazón Pantaleón Quevedo Vernetta, co fin de alixear a situación dos editores Armas y Padorno, a quen dirixe un escrito de solidariedade o mesmo día. Non obstante, procésase a Armas Marcelo como único editor titular da colección, pois, ao estar o reo no estranxeiro, acúsase a aquel por responsabilidade subsidiaria.

Ademais, desde o Juzgado Permanente do Gobierno Militar de Las Palmas, lánzase unha requisitoria de busca e captura contra o escritor con data do 19 de outubro de 1971. Malia a que algúns datos estaban equivocados (figura como profesión a

de licenciado en Dereito, aínda que en realidade se licenciara en Filosofía e Letras e traballaba como funcionario internacional), a requisitoria era clara:

comparecerá en el término de 30 días, ante el Juez Instructor del Juzgado Permanente del Gobierno Militar de Las Palmas de Gran Canaria, Comandante de Artillería don Heraclio Ferrer Oliva, bajo apercibimiento de ser declarado rebelde.

A requisitoria publicase no *Boletín Oficial del Estado* (17-11-1971) xunto á de busca e captura doutras deceas de cidadáns convocados por xulgados militares e civiles, pero tamén, días antes, no *Boletín Oficial de la Provincia de Orense* (26-10-1971), causando a conseguinte alarma e desazón na familia residente na súa cidade natal. Para preservar a súa liberdade, Valente non se presenta.

O “Consejo de Guerra Ordinario” seguido contra “los paisanos” Armas e Valente, este último “declarado en rebeldía”, tivo lugar en Las Palmas o 14 de setembro de 1972. A sentenza considerou probado que os feitos eran “legalmente constitutivos de un delito consumado de injurias encubiertas a Clase determinada del ejército”, pois coa publicación do conto en cuestión dérase publicidade a ofensas

directamente referidas al Generalato, claramente menospreciantes de su alta categoría en el Ejército, con expresiones tales como que el General <parecía un domador de circo> y su uniforme <estaba allí entre otras cosas inútiles>, <y para nada servían> y que <los Generales no tenían madre y a lo mejor los hacían con una máquina con chapas de gaseosas, aluminio y paja, mucha paja, para que pareciesen con el pecho hinchado>.

Con moi significativas analoxías, a sentenza considera intolerable tal manifestación de “menosprecio y social descrédito hacia el rango y la Clase más elevada de las Fuerzas Armadas (como lo serían en otro orden de cosas referidas a la Magistratura Judicial, al Sacerdocio o a otras instituciones)”, así como, curiosamente, xustifica o seu criterio sancionador apelando á xurisprudencia republicana, pois asegura que incluso durante a Segunda República Española foron considerados delitos “los silbidos en un reportaje cinematográfico en el que aparecían en la pantalla fuerzas del Ejército (sentencia del 6 de mayo de 1935), y en otros casos de carácter análogo”.

En conclusión, e con “el autor material del escrito” en rebeldía, o Consello de Guerra condenou a Armas Marcelo “a la pena de seis meses y un día de prisión, con la accesoria de suspensión de todo cargo público, profesión, oficio, y derecho de sufragio durante el tiempo de la condena”. Consecuentemente, Valente quedaba fóra da lei e a causa contra el suxeita a ser reanudada no momento da súa captura. Así se abriu un período de verdadeiro exilio legal para o escritor, que, privado de pasaporte e ameazado de detención, non podería regresar a España ata despois da morte do ditador.

De feito, á marxe da documentación e do epistolario persoal do que nos valimos para reconstruír este significativo episodio da vida de Valente e da historia cultural do franquismo, Valente relatounos con viveza os seus recordos de todo aquel proceso nas palabras cargadas de graza e desgraza que, extractadas, traducimos ao castelán para *El Cultural de El Mundo* (“Las palabras del reo”, 26-7-2000) e que se reco-

llen completas na revista *Moenia* (“Entrevista vital con José Ángel Valente: de Xebra a Almería”, 6, 2000, 185-210).

En 1973, Valente publicou os outros catro contos de *Número trece* á fronte do libro de relatos *El fin de la edad de plata*, pero “El uniforme del General” no volvería editarse en libro ata a aparición de *Nueve enunciaciones* en 1978. Á fin, en 1992, a editorial parisina José Corti reuniu todos os contos nunha edición en francés, primeira íntegra do legado narrativo de Valente e, en 1995, apareceu en España publicada por Tusquets Editores baixo o título *El fin de la edad de plata, seguido de Nueve enunciaciones*. Unha obra única e maior da narrativa española contemporánea que, debido á sombra proxectada polo fulgor da poesía e a lucidez do ensaio do seu mesmo autor, tivo que esperar a atención que merecía á tese de doutoramento de Manuel Fernández Rodríguez, lida na Universidade de Santiago de Compostela en 2002 e coeditada pola Deputación de Ourense e a Cátedra Valente, co título *El tejedor de redes. Análisis integral de la narrativa de José Ángel Valente*, en 2006.

O avogado de Armas Marcelo, Alfonso Calzada Fiol, remitiu o 25 de outubro de 1972, dende Las Palmas, ao seu colega Gregorio Peces-Barba a sentenza resultante do Consello de Guerra reunido o 14 de setembro anterior e que sería ratificada oficialmente pouco despois. Na mesma misiva, dito avogado explica, coas naturais reservas ante o delicado dos temas tratados, as súas impresións sobre o caso:

A mí, por triste experiencia, no me extraña nada de cuanto puedan afirmar los señores que formaron el Consejo de Guerra. Cuando hace trece años me condenaron y ejecutaron a garrote a un cliente, por supuesta comisión de un delito de Rebelión Militar, me hice la correspondiente composición de lugar y saqué consecuencias. Poco o nada podía esperar, pues, de un Consejo de Guerra que “iba a enjuiciar” unos hechos que ya estaban previamente predeterminados, máxime a la vista de las discriminaciones que se hicieron a la hora de procesar a mi cliente. Es una pena, porque sería mejor hablar que escribir. Ante la imposibilidad, de momento, de poder hacerlo, creo que en el ánimo de todos está la infantilidad de la acusación y condena, y la vejación que supone dejar a un lado y no considerar en absoluto el sacrificio que significa preparar a conciencia una defensa y exponerla durante cuarenta y cinco minutos ante el Tribunal “juzgador”, frente a la simple lectura del escrito de acusación por parte del representante del Ministerio Fiscal, cuya duración fue de seis minutos escasos, omitiendo durante la práctica de la prueba preguntar a los peritos, Catedráticos de Literatura Española. ¡En fin, mejor es no seguir escribiendo sobre este desagradable asunto, en el que únicamente puedo sacar la consecuencia de haber cumplido con mi deber profesional como creí y entendí más conveniente a los intereses de mi cliente, y del propio José Ángel Valente, puesto que sostuve en todo instante que el célebre folleto “El Num. 13” [sic] no se refería en modo alguno al Ejército Español.

Tenía esperanzas de que el Capitán General de Canarias disintiera, basadas en palabras claras y rotundas manifestadas por él en persona. A la hora de la verdad prevaleció otra opinión, la del Secretario de Justicia de Capitanía General, que fue, precisamente, quien actuó de Fiscal en el Consejo de Guerra que condenó a muerte al cliente Juan García Suárez “El Corredera”.

O avogado de Armas Marcelo termina desexando “que algún día podamos comentar personalmente la serie de incongruencias que viví el día 14 de Septiembre de 1972”. A sentenza enviada por Alfonso Calzada Fiol a Gregorio Peces-Barba, foi remitida por este á súa vez a José Ángel Valente, quen me facilitou fotocopia dela nos anos noventa. Hoxe consérvase na Cátedra de Poesía e Estética José Ángel Valente da Universidade de Santiago de Compostela.